



BAÍA EDICIÓNS



# III PREMIO FINA CASALDERREY

DE LITERATURA INFANTIL POLA IGUALDADE

Co motivo da celebración do 8 de marzo, para promover a educación en igualdade e como homenaxe a todas as persoas que fixeron a aposta de escribir literatura infantil non sexista, Baía Edicións, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, convoca o **III PREMIO FINA CASALDERREY de Literatura Infantil pola igualdade**, que se rexerá polas seguintes bases:

## Primeira

Poderán concorrer ao premio todas as autoras e autores de calquera nacionalidade que presenten os orixinais escritos en lingua galega conforme a normativa vixente.

As obras deberán atender ao concepto de literatura infantil non sexista e coeducativa en calquera dos seus aspectos, introducindo elementos críticos que cuestionen o modelo social sexista dominante.

## Segunda

As obras a concurso deben ser orixinais, inéditas e non premiadas. O feito de participar implica o compromiso de non optar a outros premios coas mesmas obras mentres non se resolva este, compromiso que se estenderá máis aló da resolución de resultar gañadora.

## Terceira

A obra, que se publicará como álbum ilustrado, non deberá exceder os 5 000 caracteres (espazos incluídos). Enviaranse seis copias da mesma en papel, mecanografiadas a dobre espazo e debidamente encadernadas a:

BAÍA EDICIÓNS

Polígono Pocomaco, 2.<sup>a</sup> Avenida. Parcela A2 / Nave 52.  
15190 A Coruña.

O prazo de recepción de orixinais remata o 8 de marzo de 2021.

## Cuarta

Coa obra, que deberá ser presentada baixo lema e sen ningún tipo de dato que identifique a súa autoría, xuntarse, en sobre pechado, e indicando no mesmo: **Premio FINA CASALDERREY 2021**, os seguintes datos: nome completo,

enderezo, teléfono e correo electrónico, así como o título proposto da obra.

A participación implica o compromiso de que a obra é orixinal, inédita e non premiada.

## Quinta

O premio, que poderá quedar deserto se a calidade das obras non fose estimábel, considerará unha única obra gañadora, á que se lle asigna unha dotación económica de **2 500 euros**. Esta dotación económica considerarase unha entrega á alzada en concepto de dereitos de autoría. A obra premiada será publicada por Baía Edicións, de conformidade cos seus contratos de edición.

A autoría da obra premiada comprométese a participar nos actos de promoción que organice a editorial.

## Sexta

O Xurado está composto por catro persoas de recoñecido prestixio e mais unha da propia editorial, que actuará, asemade, como secretaria.

## Sétima

A resolución do xurado darase a coñecer o 1 de xuño de 2021.

## Oitava

As obras non premiadas non serán devoltas pola editorial.

## Novena

A participación nesta convocatoria presupón a aceptación das presentes bases, así como as decisións do Xurado, que serán inapelábeis.

A Coruña, xaneiro de 2021